



# PLAN DE ACOLLIDA DO CEP SEQUELO Curso 2020/2021

Documento elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso informando dos seguintes puntos:

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O equipo directivo informará á comunidade educativa para o seu coñecemento e para que poida realizar as consideracións que estimen oportunas previamente á celebración do Consello Escolar.

**Data de información ao Consello Escolar:**

07/09/2020



## Índice

<u>1. Novas normas de organización e funcionamento</u> .....	4
<u>2. Actuacións de prevención, hixiene e protección</u> .....	6
<u>3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial</u> .....	8
<u>4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión</u> .....	11

## 1. Novas normas de organización e funcionamento do centro

Normas de Organización e Funcionamento do centro polo **plan de adaptación á situación covid-19**:

	<b>MODIFICACIÓNS</b>
<b>Horario de entrada</b>	Cursos impares (1º, 3º, 5º) ás 9:00 Cursos pares (2º, 4º, 6º) ás 9:10
<b>Horario de saída</b>	Cursos impares (1º, 3º, 5º) ás 14:00 Cursos pares (2º, 4º, 6º) ás 14:10
<b>Horario de recreo</b>	Cursos impares (1º, 3º, 5º) de 11:30h a 12h Cursos pares (2º, 4º, 6º) de 12:00h a 12:30h
<b>Espazo de recreo</b>	Cinco zonas: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Patio dianteiro. Pista 1 (Campo de baloncesto)</li> <li>• Patio dianteiro. Pista 2 (Campo de fútbol)</li> <li>• Patio dianteiro á esquerda</li> <li>• Patio das columnas</li> <li>• Patio ao lado do pavillón</li> </ul> A asignar para cada grupo de convivencia estable.
<b>Gardas de entrada</b>	A función é supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realizan as rutinas de hixiene previas ao inicio da xornada lectiva. Será realizada polo/a mestre/a que teña docencia á 1ª hora.
<b>Acompañamento do alumnado</b>	Limitase a un acompañante por alumno á entrada do recinto escolar, tanto nas entradas como nas saídas.
<b>Titorías</b>	Preferentemente telefónicas/ telemáticas, aínda que se permiten as presenciais con cita previa e respectando as normas do plan de actuación.
<b>Biblioteca</b>	Polas tardes seguirá a funcionar como biblioteca, respectando aforos e cumprindo as normas de seguridade.
<b>Aula de informática</b>	Aconséllase non utilizala por carecer de ventilación.

<b>Uso de aseos</b>	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.
<b>Circulación polo centro</b>	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.
<b>Actividades internivelares</b>	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.

Para realizar explicacións sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse reunións por nivel coas familias.

Estas reunións serán telemáticas ou terán lugar preferentemente no exterior do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá uns 30' de separación, tempo no que se realizará limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.

DATAS E HORAS PARA CADA NIVEL EDUCATIVO:

Nivel	Tipo	Data	Hora
1º A	Presencial	09/09/2020	16h
1º B	Presencial	09/09/2020	17:15h
2º	Telemática en 2 turnos	9/09/2020	1º Quenda 16:00 2º Quenda 17:00
3º	Presencial	9/09/2020	11:30
4º	Presencial en 2 turnos	A determinar	h
5º A	Telemática	A determinar	h
5º B	Telemática	A determinar	h
6º A	Telemática	29/09/2020	17:00h
6º B	Telemática	29/09/2020	17:00h

Para evitar aglomeracións flexibilizaremos os horarios organizando as seguintes quendas:

Cursos	Día	Zona de entrada	Hora de entrada	Hora de saída	Zona de espera das familias
1º A	10 setembro	Entrada Principal Dereita	9: 00 h	14:00 h	Habilitarase unha zona específica no patio dianteiro
1º B	10 setembro	Porta Patio de Columnas	9: 00 h	14:00 h	Habilitarase unha zona específica no patio traseiro
2º	10 setembro	Entrada Principal Dereita	9: 10 h	14: 10 h	Habilitarase unha zona específica no patio dianteiro
3º	10 setembro	Porta Lateral Esquerda	9: 00 h	14:00 h	Zona exterior ao lado do pavillón
Cursos	Día	Zona de entrada	Hora de entrada	Hora de saída	Zona de espera das familias
4º	11 setembro	Porta Patio de Columnas	9: 10 h	14: 10 h	Zona exterior ao lado do pavillón
5ºA	11 setembro	Entrada Principal Esquerda	9: 00 h	14:00 h	Rúa Enrique Turrall
5º B	11 setembro	Entrada Principal Esquerda	9: 00 h	14:00 h	Rúa Enrique Turrall
6ºA	11 setembro	Entrada Principal Esquerda	9: 10 h	14: 10 h	Rúa Enrique Turrall
6º B	11 setembro	Porta Lateral Esquerda	9: 10 h	14: 10 h	Rúa Enrique Turrall

Dado que o alumnado ten que adquirir novos hábitos (porta de acceso ao colexio, ruta que debe seguir para chegar á súa aula, cambio de mestre/a e aula...) é necesario organizar o **primeiro día lectivo**.

Kit individual anti-covid: 1 mascarilla posta e outra de reposto nunha bolsiña, caixiña, estoxo... panos de papel, bote pequeno de hidroxel, botella de auga coseu nome. Todo este material de hixiene persoal debe vir dentro dunha bolsa de tea con nome dentro da súa mochila.

**O protocolo limita a un acompañante por alumno á entrada do recinto escolar, tanto nas entradas como nas saídas.**

Neste primeiro día de clase, o titor/a informará das novas normas de organización e funcionamento aos seus alumnos/as. **Todos os días dedicarase tempo a este tipo de cuestións co fin de interiorizar as normas.**

O profesorado especialista informará das peculiaridades que afecten á súa área.

## 2. Actuacións de prevención, hixiene e protección

### Prevención:

Dada a situación actual no centro estableceremos un paralelismo coas normas xerais de prevención cos seguintes obxectivos:

#### 1. Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada grupo estable de convivencia dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

#### 2. Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a **maior separación posible** entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

#### 3. Responsabilidade individual:

- **O profesorado debe** comprometerse a **facen un autotest** antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de **non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid**; para elo deberán facer un test diario no que comprobemos a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea. **De ser o caso deberán comunicalo ao centro e consultar ao pediatra.**

### Hixiene:

Accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

1. **Hixiene xeral do centro:**

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos tamén pola mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado cando o utilicen.

2. **Hixiene persoal:**

- Facer cinco limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

3. **Rutinas de responsabilidade individual:**

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que deben facer a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Supón un exercicio de educación cívica e respecto.

Exemplo: antes de usar un ordenador de uso común, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É necesario interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exixe da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar. É traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, deixar as cadeiras levantadas e non deixar cousas polo chan. Deste



xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

#### 4. **Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:**

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabazón: nos aseos.
- Panos desbotables: en baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: en todas as aulas e no pavillón.

## Protección:

### Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado
- Uso obrigatorio para persoal non docente e calquera persoa que acuda ao centro.

### Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).

### Mamparas:

- Para realizar trámites coas familias instalouse unha nunha mesa específica de atención ao público na entrada.

## 3. **Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial**

Comezaremos o curso 2020/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego da aula virtual e a formación básica de usuarios deste recurso. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (3º e 4º de primaria) e a **EVA** - Edixgal (5º e 6º de primaria).
- O uso da **aula virtual en 1º e 2º** de Educación Primaria **quedarán a discreción do profesorado** que imparte docencia neses niveis educativos. En tal caso habilitaranse fórmulas de comunicación como vídeochamadas ou outras canles para manter contacto co alumnado e coas familias. Ditas fórmulas quedarán recollidas na programación didáctica e realizarase unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o alumnado ao centro.
- **Acceso aos diferentes cursos / áreas** nos que esté matriculado/a (de 3º a 6º)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (de 3º e 4º) e da plataforma EVA (5º e 6º)
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta - documentos, vídeo, ...- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual e de EVA.

Están previstas as seguintes actividades de formación do profesorado:

- Curso de Nivel Inicial en ferramentas dixitais
- Curso de Nivel Avanzado en ferramentas dixitais
- Proxecto de formación no centro: Seminario en ferramentas dixitais, aula virtual e elaboración de materiais axeitados para a formación do alumnado a través da aula virtual.

Proporcionaremos ás familias tutoriais básicos de funcionamento.

As vías de información e comunicación existentes no centro coas familias son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado no caso de ser necesario.
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites:
  - Correo do centro: [cep.sequelo.marin@edu.xunta.gal](mailto:cep.sequelo.marin@edu.xunta.gal)
  - O correo que individualmente facilite o profesorado para que as familias poidan poñerse en contacto con eles, para asuntos específicos das titorías e/ou especialidades.

- **Teléfono:** comunicación directa e inmediata para consultas de carácter xeral: Secretaría 886 151 325, Xefatura 886 151 327

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo orientador e o equipo docente de TICs, en colaboración co profesorado titor/especialistas.

Tarefas a levar a cabo:

Etapa / nivel educativo	Acción a desenvolver	Lugar	Temporalización
3º e 4º de primaria	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (axenda)	Setembro
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Setembro
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Setembro
3º e 4º de primaria	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario/unha caixa de texto/unha actividade interactiva/enviar un arquivo.	Colexio e casa	Finais de setembro
3º e 4º de primaria	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Finais de setembro
5º e 6º de primaria	Asignar credenciais da plataforma EVA	Colexio (axenda)	Setembro
	Acceder á plataforma EVA e ás distintas áreas	Colexio e casa	Setembro
	Acceso a contidos das áreas	Colexio e casa	Setembro
	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Setembro
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual.	Colexio e casa	Setembro
	Emprego de ferramentas básicas que dispón o ultraportátil edixgal: cámara, escáner, gravación/edición de vídeo, procesador de textos,	Colexio	Primeiro trimestre

	deseño.		
Familias	Información básica sobre os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa). Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa.	Finais setembro

A finais de setembro intentaremos probar un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer determinadas tarefas na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas.

#### **d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.**

Os cambios na forma de relacionarse tanto para mestres/as como para alumnos/as supón diferenzas enormes na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións con máscaras.

É aconsellable darlle un enfoque lúdico a estes cambios e plantexalos coma un reto. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas. A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico.

Ante a evidente perda de liberdade do alumnado que atopará moitas limitacións no retorno ao colexio; será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as. Debemos cumprir con estas restricións para contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

A nivel social debemos facer actividades de sensibilización co alumnado, para que tomen conciencia de que calquera de nós podemos contaxiarnos aínda sen ser imprudentes. Polo tanto debemos inculcar que si un compañeiro/a contrae a enfermidade, non se pode culpar, senón apoiar e coidar emocionalmente. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social.

O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles. Tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento.

Outro aspecto a ter en conta é intentar formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada (bulos). Igualmente sensibilizalos en relación ás bromas relacionadas co coronavirus, xa que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde, ou de parentes ou coñecidos afectados, que poden alterar a boa convivencia no colexio.

Os alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos favorecer que transmita emocións, opinións, ideas... deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.